

Fandiño Veiga, Xosé Ramón (ed.). 2018. *O ollar clarividente de Isaac Díaz Pardo: colaboracións xornalísticas (1963-2009)*. Santiago de Compostela: Andavira Editora e Consorcio de Santiago. 803 pp.

Xosé Ramón Fandiño Veiga, licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela, foi redactor e director da *Gran Enciclopedia Gallega* e autor de estudos sobre a cultura e a literatura galega, tradutor e, durante unha década, colaborador de Isaac Díaz Pardo no Instituto Galego de Información. Sobre a súa figura ten participado en diferentes seminarios e publicado numerosas monografías, entre as cales convén salientar a biografía *Isaac Díaz Pardo. A patria enteira na memoria* (Editorial Ir Indo, 2008) e a edición e prólogo da escolma de textos ensaísticos *A luminosa mirada dos ollos de Isaac: Isaac Díaz Pardo. Obra dispersa* (Cadernos Ramón Piñeiro, nº XXIV, 2012), as cales gozaron dunha moi boa acollida e recoñecemento.

Recentemente, vén de publicarse o volume *O ollar clarividente de Isaac Díaz Pardo: colaboracións xornalísticas (1963-2009)*, editado por Andavira Editora e o Consorcio de Santiago, do que Xosé Ramón Fandiño Veiga é o encargado da súa edición. Esta obra preséntase como unha excelente monografía que compila o conxunto de artigos xornalísticos escritos por Isaac Díaz Pardo (Santiago de Compostela, 1920-A Coruña, 2012), figura indiscutíbel da cultura galega do século XX e “un cidadán comprometido coas causas xustas do seu tempo, que é das que escribe nos xornais” (Fandiño Veiga, 2018: 8).

Atendendo ás cuestións formais, cómpre sinalar a orixinalidade da cuberta que ilustra o volume. Trátase, pois, dunha das pinturas que, máis tarde, se

tornarían en emblema das Cerámicas do Castro, un dos grandes proxectos artísticos postos en marcha por Isaac Díaz Pardo, en colaboración co seu colega Luís Seoane. Deste xeito, este paratexto consegue captar a atención dos lectores e poñer de relevo o seu perfil multidisciplinar, como ben recoñece o propio Fandiño Veiga (2018: 8) no limiar: “Díaz Pardo é un emprendedor que creou un paraíso de arte, industria e comunicación co que agasallou ao pobo galego”.

Esta, por tanto, é unha monografía que queremos comentar polas novidades que presenta, posto que se trata da primeira obra que acolle a produción xornalística ao completo de Díaz Pardo. Até o momento, os docentes, investigadores e lectores interesados na figura do autor só contabamos cunha monografía intitulada *Crónicas inconformistas* (Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 2010), unha escolma que reúne unicamente aqueles artigos escritos polo escritor entre 2004 e 2005 publicados nas páxinas de opinión do xornal *La Voz de Galicia*.

Iníciase o volume cun minucioso “Limiar”, onde o editor, primeiramente, fai referencia á publicación da escolma de textos ensaísticos *A luminosa mirada dos ollos de Isaac: Isaac Díaz Pardo. Obra dispersa* (2012) e comenta que foi dividida en oito apartados co fin de trazar de maneira máis sinxela o perfil biográfico do escritor.

A seguir, logo de presentar sumariamente o contido do volume, ofrece unha breve explicación da lingua empregada polo autor así como os trazos lingüísticos que a caracterizan –atopándose o lector cun galego “bastante ortodoxo, moderadamente populista e con arrecendo diferencialista e aberto aos empréstitos do portugués” (Fandiño Veiga, 2018: 1)– e aclara que algúns dos textos sufriron pequenas modificacións debidas “ás urxencias da crónica semanal, que enviaba por fax, case sempre co prazo de tempo cumprido, sen darlle tempo a corrixilas” (Fandiño Veiga, 2018: 2).

Así mesmo, salienta a temperá relación que tivo Díaz Pardo coa prensa escrita e ofrece detalles moi reveladores da súa biografía e traxectoria profesional. O editor dá boa conta dos diferentes pseudónimos utilizados por Díaz Pardo e deixa clara a súa colaboración coa revista boarense *Galicia Emigrante*, onde publicou abondosos estudos sobre a cultura e economía galegas durante a súa estadía na Arxentina. Como escritor, sinala algunhas das súas obras máis

relevantes, tales como *El ceramista Arranz y su escuela* (1964), *El escultor Emiliano Barral* (1966), *Galicia hoy y el resto del mundo* (1987) ou *Presencias galegas na arte dos nosos días* (1992), entre outras.

Fai referencia tamén á faceta empresarial de Díaz Pardo así como a posta en marcha de diferentes proxectos culturais cos que contribuíu a recuperar a memoria histórica de Galicia: a editorial Ediciós do Castro, o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, a Fábrica de Cerámica e Seminario de Sargadelos, a rede de Galerías Sargadelos e o Instituto Galego de Información. Fandiño Veiga aproxímase ao quefacer xornalístico de Díaz Pardo, un labor intenso e extenso, como queda demostrado nas súas crónicas xornalísticas nas diferentes publicacións coas que colaborou e nas cales Galicia é o fío condutor, xa que para o intelectual “a actividade informativa desde a óptica do interese real de Galicia era unha necesidade prioritaria” (Fandiño Veiga, 2018: 4).

Tamén dedica unhas palabras á faceta pública do escritor e lembra, moi especialmente, dous dos galardóns que recibiu Díaz Pardo: o XLI Premio Fernández Latorre, na modalidade de prensa escrita, polo artigo “Elucubrar sobre o futuro para entender algo do presente”, en 1999, e o VII Premio “Roberto Blanco Torres” de Xornalismo Literario e de Opinión, en 2005.

No referido á súa faceta como creador de carteis de cego, explica que o debuxante santiagués se agochaba baixo o pseudónimo “O vello cego Zago”, e ofrece unha extensa enumeración dos seus carteis de cego –todos eles publicados por Ediciós do Castro– destacando os que seguen: *A nave espacial. Historia contada polo cego Zago na que refírense os traballos pasados por Manuela Canle e o seu home pra chegar a voar* (1970), con música de Ramiro Cartelle, ou *O crimen de Londres. A criada que estrangulou á súa ama pola música. Historia contada polo cego Zago* (1977), entre unha considerábel listaxe de títulos.

Non deixa á marxe as súas facetas de dramaturgo e ensaísta, citando as dúas únicas traxedias do autor: *O ángulo de pedra* (1949) e *Midas* (1951) –ámbalas dúas publicadas nun só volume na editorial Citania de Bos Aires en 1957. Como escritor de ensaios, faise alusión á súa extensa produción ensaística e convidanos a consultar a obra citada ao comezo desta recensión *A luminosa mirada dos ollos de Isaac: Isaac Díaz Pardo. Obra dispersa*. Do conxunto de escritos do intelectual galego, o editor salienta dous textos que, ao seu ver, son “inesquecibles”. Estes son “Meu cabalete”, publicado en Ediciós Arsno-

vos de Bos Aires en 1956, como prólogo do seu libro *Unha presa de debuxos feitos por Isaac Díaz Pardo de xente do seu Rueiro*, e o prólogo ao álbum *20 desnudos de Cecilia a acróbata*. Destes dous textos ofrece un breve comentario no que explica, a grandes trazos, o contido de cada un deles.

Logo deste sucinto pero revelador repaso pola traxectoria vital e profesional de Díaz Pardo, Fandiño Veiga aclara a escolla do título e a imaxe que ilustra a cuberta do volume. Deseguido, refírese, en termos xerais, á temática tratada no conxunto de artigos cuxo fío condutor “xira sempre sobre temas de xustiza social e a defensa e a memoria da República, a Guerra Civil e a restauración da dignidade dos vencidos” (Fandiño Veiga, 2018: 7).

A modo de peche, o estudoso Fandiño Veiga amosa o seu profundo agradecemento a Marisol Vilas pola súa activa colaboración na busca dos orixinais na Biblioteca da Universidade de Santiago e reconece a utilidade do traballo “Repertorio bibliográfico xeral en torno a Isaac Díaz Pardo” (*Revista Lucense de Lingüística e Literatura*, pp. 457-476, Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, vol. 8, 2002) de José María Casariego Guerreiro. Para rematar, deixa clara a motivación da obra e agradece a Andavira Editora e ao Consorcio de Santiago, en especial a Juan Conde Roa, o seu apoio nesta aventura editorial.

O corpo do volume céntrase nun único apartado intitulado “Colaboracións xornalísticas (1963-2009)”, no que o editor compila o conxunto de artigos xornalísticos. Na súa opinión, que compartimos, a orde cronolóxica dos textos “permite ver a evolución do autor en canto á visión de certos temas, que vai descartando outros e que leva aos seus límites a súa escritura e a visión do mundo” (Fandiño Veiga, 2018: 8). Trátase, pois, dun total de 514 artigos que foron publicados entre os anos 1963 e 2009 nos diferentes xornais da época cos que colaborou Díaz Pardo: *A Nosa Terra* de Bos Aires, *Faro de Vigo*, *La Región*, *El Progreso*, *El Correo Gallego* e *La Voz de Galicia*.

Tendo en conta a vontade diferencialista do escritor –quen sempre pretendeu marcar distancias co castelán elixindo o portugués como modelo– non chama a atención que dos 514 textos que se recollen no volume, soamente 12 estean escritos en castelán.

Algo que nos fica claro lendo os artigos de Díaz Pardo é a súa preocupación polo momento histórico e cultural que estaba a vivir Galicia na época.

Os seus artigos xornalísticos, datados entre 1963 e 2009, ofrecen unha visión panorámica da realidade galega da época. O seu autor desenvolve todo tipo de cuestións que marcaron fitos na historiografía galega. Así, pois, temas como Bos Aires como capital do exilio, a empresa Sargadelos, os intelectuais galegos represaliados, o Seminario de Estudos Galegos, A Real Academia Galega, as folgas, o caciquismo, a cuestión da memoria histórica, o neoliberalismo, a emigración ou a catástrofe do *Prestige*, entre outras moitas.

É sabido que Isaac Díaz Pardo destacou pola súa adiantada visión ecolóxica, polo que non é de estrañar que a ecoloxía sexa un dos grandes temas que desenvolve nos seus escritos. Así, cuestións como os incendios forestais, os recursos minerais, a arquitectura rural ou o espolio dos recursos naturais están moi presentes en títulos que rezan así: “Os incendios forestais e outras cousas”, “Os lumes e a propiedade dos propietarios”, “Os recursos mineiros de Galiza”, “Os concellos rurais galegos”, “A destrución da terra”, “Arquitectura rural” ou “A conservación no rural”, entre outros moitos. Este aspecto foi, sen dúbida, unha das maiores preocupacións que amosou o activista durante toda a súa vida e que continúa de actualidade. Á altura de 1987, Díaz Pardo denunciaba a falta de interese por parte do goberno central pola problemática dos incendios, amosándose pesimista e nada esperanzador cos gobernantes da época: “Din que o Parlamento galego se dispón a estudar, utilizando o consello de técnicos, o problema do lume [...]. Fagamos votos porque teña éxito. Mais moito nos tememos que non o vai ter” (Fandiño Veiga, 2018: 51).

Nesta mesma liña, outra das constantes que podemos atopar nos seus textos son os desastres medioambientais. En especial, o tema do *Prestige* é tratado polo autor cun claro ton de denuncia, amosándose moi crítico ante esta catástrofe que sufriu Galicia en 2002: “Botándonos a culpa os uns aos outros, puxémonos nerviosos e deixamos que o barco cargado con 80.000 toneladas de chapapote [...] na peor sima mariña a case catro quilómetros de profundidade” (Fandiño Veiga, 2018: 507-508). Así e todo, o autor tamén enxalza a unión que demostrou o pobo galego ante unha traxedia destas dimensións, o que valora moi positivamente: “O único positivo para Galiza foi a espontánea protesta colectiva para que nunca máis volvamos ser vítimas de semellantes negocios e grazas ao volume da protesta os de Madrid dispuxéronse a facer algo [...]” (Fandiño Veiga, 2018: 508). Entre os artigos que tratan o tema, cómpre salientar dous pola sinceridade que amosa o escritor: “O *Prestige* e o desprestixio” e “Chapapote e antiterrorismo”.

Amais destes temas, Díaz Pardo cultiva a vertente social, abordando dende unha perspectiva reivindicativa, a Guerra Civil e o exilio. Nun bo número de artigos alúdese ao fenómeno da emigración transoceánica durante a ditadura franquista, por tratarse dunha das épocas escuras da historiografía galega. Boa mostra disto son: “O fin o exilio, segundo Diego Bernal”, “O tema permanente da Guerra Civil”, “A exposición do exilio” ou “A importancia do exilio galego”. Neste último, publicado no ano 2001, Díaz Pardo sinala o ano 2000 como data na que se comezan a organizar diferentes iniciativas culturais centradas na temática do exilio por parte de institucións públicas e privadas, as cales “entenderon a necesidade do estudo deste tema para que a cultura de hoxe non fiquese coxa de tradición como unha invención carente de pais” (Fandiño Veiga, 2018: 348). En todos estes artigos sobresaie a denuncia social, a situación dramática dos exiliados e a reivindicación da dignidade e do pasado histórico de Galicia.

14 Á altura destas consideracións, convén sinalar a relevancia que adquire a cidade de Bos Aires nos seus artigos, referíndose a ela en numerosas ocasións por ser o punto de encontro dos exiliados e onde impulsaron a produción editorial e a continuidade do discurso literario en lingua galega. Un bo exemplo disto atopámolo no artigo intitulado “Buenos Aires, capital de la Galicia ultramarina”, datado de 1963, no cal Díaz Pardo comenta o fluxo migratorio de galegos cara a Bos Aires e salienta a importancia do Centro Gallego de Bos Aires naquela altura por tratarse dunha das entidades da diáspora máis importantes na promoción e difusión do galego: “El Centro Gallego de Buenos Aires constituye una institución ejemplar no solamente dentro de nuestra colectividad sino dentro de la gran nación argentina (...)” (Fandiño Veiga, 2018: 7).

Díaz Pardo dedica unhas palabras ao seu socio Luís Seoane, polo que sentiu gran afecto e admiración, sendo unha das figuras emblemáticas do exilio galego. Mostra disto son os textos: “Las determinantes en la obra de Luís Seoane”, “Luís Seoane, Galicia e Sargadelos”, “La restauración de Sargadelos” ou “Domingo García-Sabell e Seoane”, entre outros. Neles, ademais de enxalzar a figura do artista, quen “creía en Galicia como una unidad diferenciada de cultura fuera de la cual no habría posibilidad de encontrar un cauce original” (Fandiño Veiga, 2018: 5), trata a posta en marcha da revista *Galicia Emigrante* (1954-1959) publicada en Bos Aires e desaparecida de maneira temperá, e coloca o foco na controversia suscitada pola restauración da

empresa de cerámica Sargadelos, da que afirma o seguinte á altura de 1995: “Cuando se pensó en montar el nuevo complejo de Sargadelos se tuvo muy en cuenta el ubicarlo lejos del viejo recinto, [...], pero en el que no se podría situar ningún centro de producción industrial” (Fandiño Veiga, 2018: 248).

De igual xeito, o escritor fai alusión a outras personalidades de gran relevancia no panorama literario e cultural galego contemporáneo, entre as cales é obrigado destacar a figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Chama especialmente a atención un dos seus artigos –datado en 1984– intitulado “O retorno de Castelao: Todos debemos ir a Lavacolla”, por relatar a chegada a Galicia dos restos mortais do escritor. Nel fai un chamamento ao pobo galego para que una forzas e loitar contra as inxustizas sociais que estaba a sufrir a sociedade galega na época –lembrems que o mesmo día no que chega o féretro de Castelao a Galicia, estábanse a vivir fortes cargas policiais. Seguindo palabras do propio Díaz Pardo: “Se alguén pretende enterralo definitivamente co seu pensamento político [...] debemos mostrar a nosa vontade de que a cousa non vai ser así, aínda que consigan pola forza ese día que ninguén nos acerquemos a Lavacolla” (Fandiño Veiga, 2018: 37-38). Con todo, Díaz Pardo non deixa á marxe nomes como Valentín Paz-Andrade, Lois Tobío Fernández, Carlos Casares, Antonio Fraguas –figura homenaxeada recentemente co Día das Letras Galegas 2019–, Manuel Murguía, os irmáns Villar Ponte, Ánxel Casal, Arturo Noguerol, Lorenzo Varela, Rafael Dieste, Eduardo Blanco Amor ou Xaime Quintanilla, entre outros.

Presta especial atención nos seus escritos á obra cume do nacionalismo galego *Sempre en Galiza* (1944) por tratarse dunha “obra fundamental e única para entender a Galiza na súa historia, no seu presente e no que debeu ser e no que debiera ser no seu futuro se non cambiamos os parámetros nos que discorre a nosa tradición” (Fandiño Veiga, 2018: 160). En varios dos seus artigos, entre os cales se atopan “Encol da edición crítica do *Sempre en Galiza*” ou “Máis sobre o *Sempre en Galiza*”, Díaz Pardo comenta a edición crítica publicada en 1992 a cargo do Parlamento de Galicia en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, a cal considera que é de gran calidade: “Polos compoñentes do equipo que fixo o estudo e polo que os responsables dixeron no acto ten que ser unha peza valiosa” (Fandiño Veiga, 2018: 160).

A Real Academia Galega é outra das cuestións que Isaac Díaz Pardo trata nos seus artigos. Segundo comenta o propio escritor, a Real Academia Ga-

lega xorde como unha iniciativa multidisciplinar que abrangúa diferentes eidos da cultura galega: “O seu obxectivo social era cultivar as Belas Artes, estudos que poden contribuír ao coñecemento da historia, antigüidades, literatura e lingua en Galiza” (Fandiño Veiga, 2018: 68). Tendo en conta o referido por Díaz Pardo, a institución foi fundada en 1905 por “un tipógrafo galego, Fontenla Leal, Curros Enríquez e unha presa de patriotas galegos emigrados en Cuba” (Fandiño Veiga, 2018: 68). Estas consideracións tan precisas e rigorosas, xunto con outras igualmente destacables, aparecen recollidas en varios dos seus textos, tales como “A Real Academia Galega (I)”, “A Real Academia Galega (II)”, “A Real Academia Galega (e III)”, “Francisco Fernández del Riego e a Real Academia Galega”, “Retrato do presidente da R.A.G.”, “Lorenzo Varela e a RAG” ou “Os inconformistas na Real Academia Galega”.

Deixando a un lado o labor desempeñado polos intelectuais galeguistas na diáspora, unha das iniciativas máis importantes coas que contou o galeguismo na propia Galicia foi a creación en 1923 do Seminario de Estudos Galegos (SEG). Esta institución, de carácter científico e cultural, xorde ligada á Universidade de Santiago de Compostela, desaparecendo en 1936 por mor do golpe de Estado dese mesmo ano. Nos artigos “Ramón Otero Pedrayo y el Seminario de Estudos Galegos (I)” e “Ramón Otero Pedrayo y el Seminario de Estudos Galegos (y II)”, Díaz Pardo desenvolve o labor do SEG en relación á figura de Ramón Otero Pedrayo –nomeado Presidente antes do estoupido da Guerra Civil–, e aclara a finalidade coa que xorde a institución: “El Seminario de Estudos Galegos tiene que ser pilar fundamental en el desarrollo cultural de Galicia” (Fandiño Veiga, 2018: 29).

Outro dos proxectos que contribuíron ao estudo da cultura e lingua galegas foi a posta en marcha en 1977 do Museo do Pobo Galego (MPG), institución consolidada e madura que conta cunha ampla andaina coñecida e recoñecida no panorama cultural galego, e que segue a ser un referente indiscutíbel na xestión do patrimonio cultural en Galicia. Na altura de 2005, Díaz Pardo puña de relevo a relevancia da institución afirmando o seguinte: “O Museo do Pobo Galego é un dos grandes pasos que se están a dar na recuperación da nosa memoria histórica, tarefa moi difícil polas circunstancias especiais que se deron en Galiza” (Fandiño Veiga, 2018: 619). Para saber máis sobre os inicios do MPG, resultan moi convenientes os artigos intitulados “Don Antonio Fraguas e o Museo do Pobo Galego”, “Lorenzo Varela e o Museo do Pobo” ou “O Museo do Pobo Galego e as gaitas”. Ao longo dos



seus textos, tamén se refire a outros proxectos como a Cidade da Cultura, o Consello da Cultura Galega ou o Centro Galego de Arte Contemporánea.

Até 1936, os autores inclináranse por un modelo diferencialista que marcase distancias co castelán a través da supresión de castelanismos e vendo no portugués un modelo de lingua culta na escrita. A respecto disto, Díaz Pardo defende o seguinte: “O galego conservouse a través de oito séculos por tradición oral entre o pobo marxinado no agro [...], cunha fala deturpada e perseguida polo castelán” (Fandiño Veiga, 2018: 270). Así mesmo, alude á proximidade lingüística do galego co portugués, aínda que reconece a influencia do castelán sobre o galego: “O portugués, que é fillo do galego, namentres que o castelán é un irmán de non fiar na nosa fala onde ten axentes inconscientes metidos nela” (Fandiño Veiga, 2018: 284). Noutro dos seus artigos, publicado en 2002, fai mención ao controvertido *Informe –dramático– sobre la lengua gallega* (1973) de Xesús Alonso Montero, para logo poñer en dúbida o avance do galego fronte ao castelán e o inglés: “A agresividade histórica do castelán, e a terrible do inglés en razón da colonización que padecemos, fan imposible que o galego alente” (Fandiño Veiga, 2018: 416) e asegura que o galego lonxe de progresar, estaría a perder competencias: “O certo é que logo de case 30 anos da nova democracia, tempo no que se promulgaron unha mancha de defensas da lingua, como xamais tivera en tempos anteriores, o certo é que o galego non deixa de retroceder” (Fandiño Veiga, 2018: 686).

Así as cousas, aínda que Díaz Pardo coloca o foco sobre Galicia, a súa mirada vai máis aló de Galicia e dedica algúns dos seus textos a comentar as diferentes problemáticas sociais, políticas e económicas doutros territorios veciños, fundamentalmente Cataluña e País Vasco, mais tamén no exterior, prestando especial atención a lugares como Portugal, Palestina, Israel, Irak, Oriente Medio ou China. Dan boa conta disto os artigos intitulados “O arredamento de Portugal do concerto hispánico”, “China e mercado”, “Palestina”, “Catalunya”, “Teatro en Israel”, “O problema vasco”, “Cataluña dende Galiza”, “Teatro real en Bagdad” ou “España, Portugal e Galiza”. Á altura de 2004, Díaz Pardo facía esta significativa comparación entre Galicia e Cataluña en relación á cuestión independentista: “A diferenza que hai entre a perda do poder político en Galiza e a mesma perda en Cataluña está en que a Galiza o centralismo lle arrebatou a súa soberanía hai nove séculos [...] e a Cataluña non chega a tres séculos” (Fandiño Veiga, 2018: 540).

Xosé Ramón Fandiño Veiga, encargado da edición deste rigoroso volume, sitúase nesa liña dos que alimentan a cultura e a literatura en xeral, e a galega en particular. As súas achegas neste eido constitúen unha fonte inesgotábel de coñecemento, tal e como queda demostrado nos seus numerosos estudos “Achegamento a Rosalía”, en *De Rosalía a Castelao: Galicia (1837-1950)*; *Rosa de pedra literaria en Compostela* (1999); “Pasaxeiro solitario da tarde”, en *Para Ramiro Fonte. Libro dos amigos* (2009), “O loable exercicio de traducir”, en *Á beira de Beiras* (2011) e “Camilo Díaz Baliño, ao pé do prelo e do taller de escenografía da casa da Tumbona”, en *Repensar Galicia. As Irmandades da Fala* (2017), entre outros magníficos traballos.

En definitiva, *O ollar clarividente de Isaac Díaz Pardo: colaboracións xornalísticas (1963-2009)* convértese nun manual de referencia para o estudo monográfico da obra xornalística dunha figura central na historiografía galega, amais de converterse nun instrumento moi recomendábel tanto para especialistas coma para lectores interesados en coñecer unha das facetas máis interesantes e, pola contra, menos atendidas de Isaac Díaz Pardo, “un emprendedor que creou un paraíso de arte, industria e comunicación co que agasallou ao pobo galego” (Fandiño Veiga, 2018: 8).

Laura Caamaño Pérez

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades